

## **10. A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).**

Carlos de Habsburgo, neto dos RRCC e nado en Gante, vai herdar o trono da Monarquía hispánica en 1516, á idade de 16 anos, debido a declaración de incapacidade da súa nai Juana a Tola, **completando así a unión dinástica** iniciada polos seus avós posuíndo un territorio amplísimo e heteroxeno xa que agrupaba os territorios da Monarquía hispánica xunto cos territorios italianos de Sicilia, Cerdeña e Nápoles, o Imperio colonial americano e diferentes territorios europeos herdados da Casa de Borgoña coma Austria, Flandres, o Milanesado ou o Franco Condado. O que haberá que engadir, en 1519, o Sacro Imperio Xermánico, xa que Carlos é elixido Emperador, co que pasará a considerarse coma a cabeza da *Universitas Christiana e defensor fidei*, por riba de Rei das *Españas*.

A **carreira imperial** e a obsesión pola **hexemonía** lévalle a enfrontarse a Francia, aos protestantes alemáns, ao Papa e o Imperio Otomano, supoñendo un enorme dispendio para as arcas castelás, xa que o monarca, ademáis de solicitar préstamos a banqueiros xenoveses e alemáns, esixirá o pago de innumerables tributos que recaerán fundamentalmente sobre a Coroa de Castela, sendo este o motivo principal da revolta dos **comuneiros** castelás e o que é máis grave, derivarán nunha **crise económica de gran repercusión**, que levará a declaración de bancarrota da facenda real no ano 1556.

O seu fillo e sucesor, **Felipe II** (1556-1598), o segundo Austria maior, a diferenza do seu pai que pasou moito tempo por Europa, gobernará dende Castela, creando unha capital permanente en Madrid. Centrado nas posesións hispánicas (xa que os dominios Imperiais pasaron a mans do seu tío Fernando de Austria), máis nos recén acadados dominios portugueses (tras un conflito sucesorio no país veciño que se resolve no seu favor en 1580) manterá esa obsesión herdada por presentarse como líder da cristiandade católica: combaterá ós protestantes calvinistas das rebeldes Provincias Unidas de Flandres, verdadeiro quebradeiro de cabeza dos Tercios españois, á monarquía francesa, aos turcos musulmáns (batalla de Lepanto) e á monarquía anglicana inglesa de Isabel I, adalid da loita anti-hispánica e apoio de todos aqueles que lle fixeran fronte ó Austria no continente. En 1588, Felipe decide enviar unha poderosa flota, a chamada **Armada invencible**, composta por 127 navíos á costa inglesa, máis a expedición fracasa estrepitosamente, marcando para algúns historiadores o comezo da decadencia na política exterior hispana.

Estes enormes gastos derivados das campañas bélicas levadas a cabo polos Austrias maiores, así como a incapacidade de xestionar o tesouro americano (decláranse varias bancarrotas no seu reinado), e o desinterese da nobreza e clero español en invertir os seus beneficios en actividades produtivas coma o comercio ou a industria determinan o paso a un século XVII dominado pola idea de atraso, decadencia e crise.